

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA

ACTA da 4ª XUNTANZA

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación da prestación do servizo da seguridade da estación de autobuses.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 16 de maio de 2018 ás 13.31 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
 Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
 Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
 Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
 Dona Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal
 Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
 Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asiste: D. Xan Duro Fernández, representante de CA.

ORDE DO DÍA

1. Valoración da proposta económica e proposta de adxudicación.

Os membros da mesa de contratación proceden coa análise do informe técnico entregado, de 14 de maio de 2018, e conclúen que está suficientemente motivado.

Da análise do referido informe despréndese o seguinte cadro de valoración:

EMPRESAS	Proposta económica
SERVECO SEGURIDAD, SL	73.803,00
SALZILLO SEGURIDAD, SA	77.032,02
GRUPO4S PROTECCIÓN Y CUSTODIA, SL	81.888,55

Polo tanto, ao ser o prezo o único criterio, débese concluír que a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é a do licitador **SERVECO SEGURIDAD, SL**

De conformidade cos termos do informe, e mesas anteriores, **ACÓRDASE:**

Propoñer á empresa **SERVECO SEGURIDAD, SL**, que ofertou un importe de **73.803,00 €** (máis o IVE) como adxudicataria do contrato, ao ser a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas.

Procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións de aplicación, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.33 horas. Dou fe.

The image shows several handwritten signatures in blue and black ink. There are approximately seven distinct signatures scattered across the page, some appearing to be initials or full names in a cursive style.

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA da 3ª XUNTANZA**

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación da prestación do servizo da seguridade da estación de autobuses.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 16 de maio de 2018 ás 13.28 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
✓ Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
Dona Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández


Non asiste: D. Xan Duro Fernández, representante de CA.

ORDE DO DÍA**1. Valoración da xustificación da baixa, presentada pola licitadora Serveco Seguridade, SL**

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar o informe técnico de 11 de maio de 2018, no que se valora a xustificación da baixa presentada pola licitadora Serveco Seguridade, SL, consideran acreditada a mesma e polo tanto acordan a continuidade da empresa Serveco Seguridade, SL no procedemento.

Intervén D. Gonzalo Muíños quen pregunta ao Sr. secretario se o feito de solicitar documentación complementaria é habitual nas Mesas en relación á solvencia técnica e económica. Responde o Sr. secretario que en principio é habitual pedir aclaracións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.30 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA da 2ª XUNTANZA**

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación da prestación do servizo da seguridade da estación de autobuses.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 3 de maio de 2018 ás 13.59 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
Dona Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asiste: D. Xan Duro Fernández, representante de CA.

ORDE DO DÍA**1. Valoración da xustificación da baixa, presentada pola licitadora Serveco Seguridade, SL**

Procédese coa análise da xustificación presentada pola licitadora e do informe valorativo e acórdase pola Mesa solicitar ampliación do informe técnico presentado.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.19 horas. Dou fe.

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA

ACTA da 1ª XUNTANZA

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación da prestación do servizo da seguridade da estación de autobuses.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 4 de abril de 2018 ás 14.00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
 Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
 Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
 Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora municipal
 Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
 Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asisten: D. Xan Duro Fernández, representante de CA.

ORDE DO DÍA



1. Apertura do sobre nº 1 de "Documentación xeral"

Dáse conta da presentación de TRES empresas:

EMPRESAS PRESENTADAS	DATA DE PRESENTACIÓN OFERTA	OBSERVACIÓNS
GRUPO4S PROTECCIÓN Y CUSTODIA, SL	22/03/2018	
SERVECO SEGURIDAD, SL	22/03/2018	
SALZILLO SEGURIDAD, SA	23/03/2018	Comunicado por fax o 21 de marzo

Procédese seguidamente coa apertura do sobre nº 1, co seguinte resultado:

Todas as empresas presentan a declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración.

1

2. Apertura do sobre nº 2 de “proposición económica”

Antes de proceder coa apertura, compróbase que non asiste ningunha das empresas licitadoras.

Ás 14.14 horas o Sr. secretario procede coa apertura do sobre nº 2, co seguinte resultado:

EMPRESAS	Proposta económica	Estudo económico
GRUPO4S PROTECCIÓN Y CUSTODIA, SL	81.888,55	Si
SERVECO SEGURIDAD, SL	73.803,00	Si
SALZILLO SEGURIDAD, SA	77.032,02	Si

Considerando que o importe de licitación que recolle o prego ascende a 83.392,66 €, compróbase que o importe presentado pola licitadora SERVECO SEGURIDAD, SL supera o límite do 10% fixado a estes efectos no prego de aplicación.

A mesa acorda solicitar á licitadora a xustificación da baixa, para o que se lle outorgará un prazo de 10 días hábiles.

Acórdase o traslado da documentación ao técnico de TUSSA aos efectos de realizar o informe valorativo.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.30 horas. Dou fe.

